

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE, O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E GALARIA, EMPRESA PÚBLICA DE SERVIZOS SANITARIOS, S.A., COA FINALIDADE DO MANTEMENTO INTEGRAL DO EQUIPAMENTO DE ALTA TECNOLOXÍA DA MARCA VARIAN.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

- Que o presidente do Servizo Galego de Saúde formalizou o día 16.5.2024 con Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios, S.A. o instrumento convencional arriba referido.

- Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as pautas que se seguirán na colaboración entre as partes para o financiamento conxunto do mantemento integral do equipamento de alta tecnoloxía e sistemas asociados, da marca VARIAN, instalados nos centros dependentes da Consellería de Sanidade, do Servizo Galego de Saúde e de "Galaria, empresa pública de servizos sanitarios S.A.". Preténdese con isto manter o dito equipamento nas condicións de seguridade e funcionalidade coas que foron deseñados polo fabricante, así como garantir o máximo tempo de dispoñibilidade do equipamento, tratando de evitar as paradas non planificadas e acortando a duración das que cheguen a producirse, e o máximo tempo de vida útil dos sistemas.

- Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxectivo referido.

- Que o instrumento convencional asinado fundaméntase no seguinte:

a) Desde un punto de vista formal, polo que atinxe ao instrumento de colaboración elixido, a Lei 14/2013, de 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, sinala no seu artigo 15.1, baixo o epígrafe "acordos de colaboración ou cooperación para o financiamento conxunto de contratos para a satisfacción dunha finalidade común" que os órganos de contratación da Administración xeral da Comunidade Autónoma e das entidades do sector público autonómico poderán chegar a acordos para o financiamento conxunto de contratos para a satisfacción dunha finalidade común. Segundo o apartado 3 deste artigo "cando o financiamento conxunto se realice entre órganos da Administración xeral da Comunidade Autónoma e das entidades do sector público ou entre estas entre si, se formalizará un convenio de colaboración entre elas co mesmo contido expresado no apartado anterior".

No mesmo sentido se expresa o artigo 323.5 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público por canto prevé que cando o contrato resulte de interese para varias

entidades ou departamentos ministeriais e a tramitación do expediente deba efectuarse por un único órgano de contratación, as demais entidades ou departamentos interesados poderán contribuír ao seu financiamento, nos termos que se establezan regulamentariamente e con respecto á normativa orzamentaria, na forma que se determine en **convenios** ou protocolos de actuación.

b) Desde un punto de vista material, advírtese que a tecnoloxía médica é unha das variables clave que inflúen de xeito decisivo na calidade do proceso asistencial, facilitando o diagnóstico e a terapia para garantir a asistencia sanitaria en tempo e forma. O mantemento e a actualización continua do equipamento médico e os seus compoñentes, especialmente nos equipos de alta tecnoloxía, é esencial para garantir a seguridade dos pacientes e dos profesionais que o utilizan así como para acadar a súa máxima dispoñibilidade e prolongar a súa vida útil. No caso do equipamento de alta tecnoloxía, que só pode ser mantido pola empresa fabricante, a marxe de negociación é escasa, polo que a contratación centralizada e por un período amplo son practicamente os únicos mecanismos para negociar mellores condicións.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asino esta memoria, en Santiago de Compostela.

